

Rubén Nogueiras Pozo

Doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), Rubén Nogueiras (1977) é natural de Vigo. Despois de obter o seu doutorado no 2003, realizou varias estancias postdoutorais en prestixiosas institucións internacionais, como o German Institute of Human Nutrition, en Potsdam (Alemaña), ou as Universidades de Xenebra (Suíza) e Cincinnati (Estados Unidos). No 2009, reincorporouse ao sistema nacional de I+D, en concreto á USC, a través do Programa Ramón y Cajal. Desde o 2014, é profesor titular da USC e, desde o 2020, Investigador Distinguido do Programa Oportunius.

O doutor Nogueiras desenvolve o seu traballo de investigación no Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) da USC, onde lidera o grupo de investigación de [Metabolismo Molecular](#). As súas liñas de traballo céntranse no estudo dos mecanismos moleculares que están implicados na obesidade e as enfermidades asociadas, como a diabetes tipo 2 e a enfermidade do fígado graxo non alcohólico.

No 2011, foille outorgada unha **ERC Starting Grant** para o desenvolvemento do proxecto [OBESITY53](#), centrado no estudo da proteína p53 como novo mediador do equilibrio enerxético no cerebro. Dotado cun orzamento de 1,4M€, o proxecto desenvolveuse ata o ano 2017.

No 2018, Rubén Nogueiras converteuse no primeiro investigador galego en obter unha **ERC Synergy Grant**, para o desenvolvemento do proxecto [WATCH](#) - Envellecemento saludable e control tanicítico da saúde. Trátase dunha colaboración que conta cun presuposto global de 9,8 M€ —dos cales 2,5 M€ corresponden á USC—, no que tamén participan o Institut National de la Santé et de la Recherche Médicale (INSERM) de Francia e a Universidad de Lübeck de Alemaña. O proxecto baséase no estudo dos tanicitos, células que suministran nutrientes e metabolitos ás neuronas, e sobre as que case non existe información, para determinar o seu posible papel na relación entre a obesidade e as enfermidades neurodexenerativas, principalmente o Alzheimer, como xa destacaron distintos estudos epidemiolóxicos.

A brillante traxectoria científica do doutor Nogueiras foi recoñecida con abundantes premios internacionais e estatais. Os máis recentes son o Jens Sandahl Christiansen Award, no 2022, e o European Journal of Endocrinology Award, no 2021, outorgados ambos pola Sociedade Europea de Endocrinoloxía, e o [Premio á Investigación Jesús Serra](#), na categoría de Investigación Básica, tamén no 2021. Outros galardóns destacados son o [European Society of Clinical Investigation Basic Research Award](#), concedido no 2019, e o [European Foundation for the Study of Diabetes Rising Star Fellowship](#), no 2015.

Asimesmo, exerce de asesor científico na avaliación de proxectos nacionais e internacionais para diversas entidades financiadoras.